



PLAN DIXITAL

C.E.I.P. Sequelo Marín

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- **Nome do centro:** CEP Sequelo Marín
- **Dirección:** Rúa Enrique Turrall s/n 36900 Marín (Pontevedra)
- **Correo electrónico:** cep.sequelo.marin@edu.xunta.gal
- **Paxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/cepsequelomarin/>
- **Blog de Biblioteca:** <http://bibliotecasequelo.blogspot.com/>
- **Blog de Inglés:** <http://travel-sea.blogspot.com/>
- **Blog de Música:** <http://descubriendolamusica.blogspot.com/>
- **Blog Verdeiroles 1º:** <https://verdeiroles.blogspot.com/search/label/PRIMEIRO>

- **Numero de alumnado:** 135
- **Numero de profesorado:** 15

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O noso centro, malia estar ubicado na periferia da vila de Marín, cara ao sur, na rúa Enrique Turrall, calle transversal a Jaime Janer que constitúe o comezo da estrada que comunica Marín con Moaña, pode considerarse coma un centro urbano. Está aproximadamente a quilometro e medio do centro da vila, tomando como referencia a Casa do Concello. Sitúase á beira do río Lameira, nunha zona de recheo entre a bifurcación do río que forma unha pequena illa, nunha zona que foi unha xunqueira e, en consecuencia, tremendamente húmida.

As familias do alumnado teñen, en liñas xerais, un nivel socio-económico e cultural medio ou medio-baixo. No momento actual existen bastantes casos de dificultades económicas debido á falta de traballo. A nivel laboral desempeñan maioritariamente postos de traballo relacionados co sector servizos ou coa industria. O nivel e estudos dos pais e nais do alumnado correspóndese maioritariamente cos estudos obrigatorios (estudos primarios, E.X.B.,...). Algúns pais/nais fixeron estudos de F.P. ou ciclos formativos. Existen poucos pais e nais que conten con estudos superiores, diplomaturas ou licenciaturas.

Presentan características propias das zonas mariñeiras, malia que a porcentaxe de pais que se dedican a tarefas relacionadas co mar diminuíu nestes últimos anos, sendo a profesión

predominante porén entre as familias inmigrantes do noso centro, preferentemente marroquí e subsaharianas. Predominan, polo tanto, as familias que traballan no sector servizos (hostalaría e comercio, fundamentalmente) e na industria ligada ao sector naval e da pesca.

Non obstante o mencionado anteriormente, existe bastante preocupación das nais e pais pola evolución escolar e o rendemento académico dos seus fillos/as, solicitando con frecuencia entrevistarse co profesorado, aportando o material que se lles demanda e asumindo as recomendacións dos distintos profesionais do centro.

A participación das familias nas distintas actividades organizadas polo colexio é importante, sobre todo nos festivais e celebracións abertas ao público, nas que tamén prestan a súa colaboración, en especial a través da ANPA Aidón do centro.

O noso centro conta cunha longa traxectoria no eido dixital, así dende o curso 2012/2013 o C.E.P. Sequelo é un centro Abalar e dous cursos despois, pasaría a ser parte do Proxecto Experimental de Educación Dixital (E-Dixgal) no que inda hoxe nos atopamos integrados. O centro conta pois cunha ampla bagaxe na participación en proxectos anovadores coma o "Nos tamén creamos" (2012/2013) ou noutras experiencias colaborativas do uso da radio escolar coma o "Ponte nas Ondas".

A través do taller de contidos audiovisuais que levamos a cabo nas nosas aulas (Styckz, edición e produción de vídeo mediante a técnica do stop-motion) os nosos alumnos introducíronse no coñecemento de linguaxes visuais, no coñecemento de novas formas de expresión oral que tiveron o seu froito co primeiro premio nun concurso local.

Fixemos ademais incursións na Realidade Aumentada cos proxectos "Rosalía, rosa do mar", na integración de QR nos proxectos cotiás de aula, uso das webs 2 e 3.0.....

Durante dous anos (2016 -2018) o centro, traballando de xeito colaborativo cos compañeiros do I.E.S. Mestre Landín e o Ceip O Carballal, participou no programa "Aprendo Programando" dentro do Plan Proxecta, no que tanto o I.E.S. coma nos mesmos ("Proxecto A Catedral") fomos premiados en cadansúa categoría en anos sucesivos.

No curso 2017-2018 foinos concedido o proxecto de Robótica, de xeito que chegaron ao noso centro 6 kits de montaxe do robot mBot, proxecto destinado aos alumnos de 4º e 5º de Primaria. No curso 2018-2019 ampliouse o proxecto e concedéronnos outros 6 kits de montaxe do mesmo robot, ao que se lle sumaron outros 6 kits de Lego de Máquinas sinxelas. Con estes recursos ampliamos os destinatarios do programa a todos os cursos de primaria, de xeito que os nosos alumnos/as iníciáanse na programación con robots desde o 1º curso.

Cabe destacar tamén a nosa participación dende 2018 ao 2020, cun equipo do centro dirixido polo Orientador Xose Manuel Vidal Bouzo na Legoleague que se celebraron na Coruña e Ferrol.

Dende este ano formamos parte do proxecto "DigiCraft en tu cole" que está deseñado pola Fundación Vodafone España, e ten como obxectivo potenciar o desenvolvemento da competencia dixital na infancia e na xuventude, a través dun Programa de formación e reforzo das habilidades dixitais e das competencias asociadas dirixidas a alumnado de 5º e 6º de educación primaria.

Todo este bagaxe anterior fai que a presenza das novas tecnoloxías no traballo cotián nas aulas sexa unha constante o que potencia a Competencia Dixital dos nosos alumnos que dende os niveis intermedios fan uso das TIC na procura, selección e creación de información, acadando nos cursos superiores unha maior autonomía no proceso.

Outra cousa é a competencia dixital das familias que, a nivel xeral, é básica: saben navegar, utilizan asiduamente as redes sociais, utilizan emails para comunicarse co centro....Todo o anterior dende os seus dispositivos móbiles, pero vemos certas eivas no acceso e utilización tanto do Abalar Móbil como das Webs Dinámicas do centro. Carecen de estratexias básicas para acompañar aos seus fillos na nova cultura dixital e posúen un descoñecemento de uso seguro e responsable para desenvolverse na rede.

Todo o anterior agrávase polas precarias condicións socio-económicas dalgunhas familias que non dispoñen de máis ferramentas TIC que o móbil, carecendo moitos deles de wifi.

É por todo isto que concibimos o PD do noso centro coma unha ferramenta de planificación integrada na nosa Programación Xeral Anual que busca o desenvolvemento do tratamento da

información e competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensino e aprendizaxe.

Neste momento é igual de necesario dominar as novas tecnoloxías, a lo menos de xeito básico, como saber ler, escribir ou contar. Para conseguir que a incorporación plena das TIC no centro sirva para mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe, é necesario adoptar una serie de medidas que van máis aló da dotación de recursos e teñen que ir acompañadas da formación do profesorado e da elaboración de materiais, en distintos soportes, para desenvolver ao máximo as súas potencialidades. E así mesmo é polo que este plan vai dirixido a tódolos integrantes da nosa Comunidade Educativa: familias, alumnos e mestres. Dende esta concepción dun plan destinado a toda a Comunidade Educativa é que este plan se interrelaciona

1.3. Breve xustificación do mesmo

Normativa referida ao Plan Dixital de Centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do Plan de dixitalización realizouse ao longo do curso. Para o mesmo tivéronse en conta as ferramentas postas a nosa disposición, coma SELFIE, o test de Competencia Dixital Docente, para por último elaborar o DAFO, co fin de detectar as necesidades do noso centro.

Unha vez recollida toda a información dispoñible pasaron a detallarse os obxectivos e accións xunto á súa temporalidade. Así mesmo, leváronse a cabo unha serie de actuacións, conducentes a localizar os posibles casos de brecha dixital e a realizar un inventario de equipamentos que puidesen estar dispoñibles.

A elaboración do Plan recaeu fundamentalmente sobre o Equipo de Tics, que mediante unha liña de formación foi establecendo reunións periódicas para a elaboración do Plan, pero non se limitou só a estas reunións a elaboración, porque tan importante como elas foi a colaboración dos distintos compañeiros do claustro que contribuíron coas súas aportacións e as súas visións da situación real do centro no eido dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:** o centro contará logo das obras que se están levando a cabo no mesmo contará con 12 puntos de conexión de rede na futura Biblioteca, froito da ampliación desta cara a antiga aula de informática, 1 na sala de profesores, 1 en orientación e cadanseu punto nos despachos de Dirección, Xefatura de estudos e Secretaria

Ao estar dentro do Plan de "Escuelas conectadas" contamos cunha boa rede wifi que se complementa coa rede wifi Abalar o que permite unha total cobertura.

Contamos así mesmo cun servidor Abalar, e dous routers, un deles no espazo da desaparecido aula de Informática. No centro configúranse ademais da redes inalámbricas, dúas físicas, unha delas a administrativa.

- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos:**

- O centro conta con **4 aulas Edixgal** co equipamento estándar neste tipo de aulas: pizarras dixitais Smart, canóns de distancia ultracorta (Nec e Epson) e cadanseu carro de carga. A nosa adhesión ao Proxecto Edixgal supón que cada alumno de 5º e 6º do noso centro conte con cadanseu equipo HP ProBook x360 11 G1 EE. O paso do antigo proxecto Abalar, do que formamos parte ao actual Edixgal, supuxo o aproveitamento dos antigos equipos Intel Atom para prover deles, de xeito individual aos alumnos de 1º a 4º; un equipamento que pola súa idade está empezando a dar múltiples problemas.

- Todalas **aulas do centro**, tanto as titorías restantes como as dos especialistas, contan con ordenadores, pizarras dixitais e canóns, procedendo dúas delas de envíos da Xunta e as demais mercadas a cargo dos presupostos do centro.

- En canto aos **equipos de xestión e administración** tanto Dirección como Orientación contan con ordenadores de sobremesa recentes HP Prodesk 15 froito dun envío da Consellería, pero tanto Secretaría como Xefatura contan cuns clónicos antigos. Existen ademais nestes espazos 2 impresoras multifunción HP Deskjet 2050, unha HP Laser Jet Pro MFP, e unha Epson Laser Epl-N3000.

- Na **Biblioteca** existe actualmente un equipo portátil de xestión bibliográfica, xunto cun canón Epson e unha pizarra Smart.

- Na **Sala do profesorado** existe unha único punto de rede físico que grazas ao emprego dun router permite a utilización de dous portátiles un HP Compaq Inter Core 2 Dúo e un Clónico I3-7100.

-A **aula de informática** coa que contabamos decidiuse reconvertila nun novo espazo multimedia anexo á biblioteca, con 7 puntos de internet, un espazo para producións audiovisuais con Chroma e un espazo para a radio Escolar. A aula estaba conformada por aparellos moi antigos: 11 Comelta Intel Pentium D e 4 Optiplex 740 que a maioría das veces imposibilitaban o correcto desenvolvemento do traballo programado, e que foron substituídos polos antigos Intel Atom do Proxecto Abalar que neste momento están empezando a dar problemas tamén.

-Para o desenvolvemento da **radio escolar** o centro aproveitou unha vella mesa de mesturas á que se lle engadiu catro micros Shure cos seus pes e un amplificador de auriculares Behringer.

-Pola nosa participación no **proxecto de Robótica** o centro conta con 11 Mbots, aos que o propio centro engadiu un Beebot, 2 Doc Clementine, 5 Lego Wedo e 1 Lego MindStorm. Para facilitar a súa utilización o centro adquiriu ademais 11 Tablets Huawei Mediapat T3.

-Por mor do **Plan de Continxencia** dotóusenos e 8 equipamentos consistentes nun portátil, router sen fíos e tarxeta Orange.

-O centro conta dúas **Fotocopiadoras**: Konica Minolta Bizhub C360 de aluguer e en rede de administración e unha Konica Minolta Bizhub C458 E subministrada polo AMTEGA.

- **Servizos dixitais educativos:**

No centro utilízanse os principais servizos con que a Administración nos dotou:

-**Abalarmóbil** para a comunicación coas familias

-**Xade**: servizo de xestión académica do centro educativo.

-**Falemos/Cisco Webex**: videoconferencias

-**Aula Virtuais Moodle e EVA**

-Galeria Coppermine

-Web Dinámica do Centro

Ademais dos servizos anteriores utilízanse con asiduidade outros de carácter non puramente educativos pero aplicables ao eido como poden ser os servizos de publicación de contidos Blogger ou Wordpress.

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**

Maiormente, salvo nos casos máis graves, a xestión de mantemento do equipamento do centro é levada a cabo polo equipo TIC, pese a non dispoñer dun tempo destinado especificamente a tal fin.

- **Enlaces a proocolos relacionados coas TIC:**

Plan de Continxencia

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: os resultados do Selfie foron como segue

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3				

	Profesorado	3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3,8				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	4,5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,5				

	Alumnado	3,8				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	4,2				

Test CDD: Test de autoavaliación de Competencia Dixital Docente realizada polo profesorado do centro

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	12	14	85,7%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO			
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
92,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Primaria	92,3	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	4	26,7%
B1	<u>6</u>	<u>40%</u>
B2	<u>3</u>	<u>20%</u>
C1	<u>2</u>	13,3%
TOTAL	<u>15</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Abundante equipamento informático nas aulas 2. Centro compoñente do Plan Abalar e logo do plan Edixgal 3. Ordenadores para cada mestre (os mestres Edixgal 2)	1. Incapacidade de xestionar o material que vai quedando obsoleto ou inoperativo.. 2. A asistencia técnica cando xorden problemas nos dispositivos de aula é insuficiente. 3. Os sistemas de protección de datos ou non existen ou son débiles.

	<p>4. Renovación constante dos ordenadores máis antigos, anovando os discos duros orixinais a discos duros sólidos.</p> <p>5. Internet de Fibra óptica.</p> <p>6. Ampla gama de robots (Lego Wedo, Mbot, Clementine Doc, Beebots...), acompañado de 11 tablets Android.</p> <p>7. Por ter pertencido ao proxecto Abalar cada alumno conta cun netbook do antigo proxecto.</p> <p>8. Impresora 3D</p>	<p>4. O acceso ás tecnoloxías asistenciais é moi deficiente.</p> <p>5. Malia posuír e administrar dispositivos portátiles para levar a casa en caso necesario non chegarían para os alumnos.</p> <p>6. Ausencia nas aulas de dispositivos de carga múltiples para os netbooks individuais de 1º a 6º</p>
PERSONAL DOCENTE	<p>1. Reflexión profunda e de antigo pola nosa pertenza a proxectos relacionados co dixital sobre as vantaxes e desvantaxes do devandito ensino.</p> <p>2. Existe unha ampla participación do profesorado nas accións de FPP que se levan a cabo no relativo ao ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>3. O profesorado do noso centro busca e crea recursos dixitais con asiduidade.</p> <p>4. Utilizamos con frecuencia tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo (Páxina web, Aulas Virtuais, Abalar Móbil...).</p> <p>5. Os métodos de ensino adáptanse as necesidades dos alumnos usando tecnoloxías dixitais que fomentan a súa creatividade.</p>	<p>1. Dificultade para adoptar novas formas metodolóxicas apoiadas na tecnoloxía.</p> <p>2. Deficiente avaliación dos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>3. Necesidade de estruturar vías de intercambio de experiencias dentro da nosa comunidade escolar.</p> <p>4. Pouco fomento de actividades interdisciplinares que facilitan a colaboración e cooperación do alumnado.</p> <p>5. Escasa utilización das tecnoloxías na avaliación, retroalimentación e autoreflexión do proceso.</p>
PERSONAL NON DOCENTE	<p>1. Contamos cunha educadora que vén desenvolvendo un traballo exemplar con dous nenos con nee traballando en perfecta coordinación co profesorado.</p>	<p>1. Escaseza de material adaptado a nenos con nee.</p>
ALUMNADO	<p>1. Dispositivos dixitais propiedade do centro en abundancia que o alumno pode utilizar cando o necesita e pode levar á casa.</p> <p>2. Interiorización da importancia dun comportamento responsable e seguro en internet.</p> <p>3. Procura en distintas fontes para contraste de información.</p> <p>4. Producción de contidos dixitais, especialmente de carácter multimedia.</p>	<p>1. Escasa integración da programación e codificación nas aprendizaxes.</p> <p>2. Apenas se referencia o traballo doutras persoas que logo se reutiliza en producións propias.</p> <p>3. Escasa plasticidade á hora de resolver problemas técnicos que xurden nas tecnoloxías dixitais.</p>
FAMILIAS		
OFERTA	<p>1. A relación cos monitores do comedor e Plan Madruga é fluída, e os mesmos teñen acceso a certos dispositivos tecnolóxicos do centro: canón, ordenador portátil, cámara de vídeo..., cos que desenvolven actividades cos alumnos.</p>	

ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1. Facíltese que o alumnado utilice técnicas dixitais para documentar a súa aprendizaxe.</p>	<p>1. Non somos quen de facer de chegar e involucrar ao profesorado na estratexia dixital do centro.</p> <p>2. Carencia de tempo para implementar e explorar melloras na metodoloxía de ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>3. Os problemas técnicos que xurden non se resolven coa presteza que requiren os profesores.</p> <p>4. Tanto as tecnoloxías asistenciais para alumnos con n.e.e coma os repositorios que conteñen materiais de ensino son escasos</p>
-------------------------------	---	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<p>1. Pouco tempo para explorar como mellorar a metodoloxía coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>2. Excesiva carga burocrática e administrativa.</p> <p>3. Equipamento envellecido, especialmente os netbook Abalar con pouca posibilidade de renovación.</p> <p>4. Estrutura organizativa do centro excesivamente ríxida</p>
	LEXISLACIÓN	1. O marco legislativo focaliza a adquisición dun repertorio competencial diverso e amplo.	
	CONTORNA	1. Difusión a través da web dinámica do colexio das actividades realizadas.	1. Maior número de familias con poucos recursos económicos e con situacións complicadas.
	ANPA	1. Grande implicación da ANPA na vida escolar do noso centro.	

		<p>2. Comunicación ANPA-Claustro moi fluída.</p> <p>3. O Covid fixo que as familias desterraran para sempre os receos que manifestaban ante a utilización de ferramentas dixitais no proceso educativo.</p>	<p>1. Nivel de competencia das familias, en ocasións baixa.</p>
	OUTRAS ENTIDADES	<p>1. Participación en proxectos de entidades privadas: Voz Natura, Digicraft...</p> <p>2. Participación na Liga Lego Jr.</p>	

3. Plan de Acción

A enorme e rápida difusión da tecnoloxía na sociedade actual supón un importante reto para os Centros Educativos. Esta necesidade de adaptarse aos tempos e características da actualidade dixital que goberna o noso día a día necesita dunha transformación dixital dos centros, entendida como un conxunto de actuacións orientadas á mellora e modernización dos sistemas físicos e capacidade persoal para xestionalos.

Co obxectivo de contribuír a que o centro se converta nunha organización educativa dixitalmente competente trataremos de establecer, a través deste documento, unhas bases argumentais que ante todo permitan o desenvolvemento e fomento de boas prácticas docentes co apoio e respaldo das Novas Tecnoloxías e os entornos dixitais.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A posta en marcha das accións que se levarán a cabo estará suxeita ás necesidades detectadas pola comunidade educativa, ao análise dos recursos dispoñibles no centro e ao análise dos recursos dispoñibles do alumnado. Partindo deste diagnóstico, fixéronse os obxectivos neste plan que serán revisados cada curso escolar e que son susceptibles de ser modificados ao longo do mesmo

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: LIDERADO						
OBXECTIVO 1:	Promover a comunicación entre o centro educativo e as familias a través da web dinámica e Abalarmóbil				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC / Equipo directivo/Equipo Biblioteca				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de participación da comunidade educativa na páxina web do centro					
Valor de partida:	10%					
Valor previsto e data:	50%			31 de maio 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Promover o uso do lector RSS para acceder dende dispositivos móbiles á páxina web do centro.	Equipo TIC	1 de outubro de 2022	Web do centro e Abalar móbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Impartir charla sobre protección de datos.	Equipo TIC	31 de outubro de 2022	Persoa especialista		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Publicar una actividade mensual na web dinámica para promover a participación das familias no PDI do centro.	Equipo Biblioteca	31 de maio de 2023	Web do centro, dispositivos móbiles, aplicación webs diversas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Potenciar o uso de abalar móbil mediante o envío de mensaxes periódicas.	Equipo directivo	31 de maio de 2023	Abalar móbil.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.5: Utilizar o Abalar Mobil por parte do profesorado e Equipo Directivo para medir a porcentaxe que o emprega	Equipo Directivo Profesorado	31 de Maio de 2023	Abalar móvil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: LIDERADO						
OBXECTIVO 2:	Dixitalizar e difundir vía páxina web tódolos documentos relevantes do centro, facéndoos accesibles á comunidade educativa, evitando na medida do posible o formato físico en papel.				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo / Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de documentos dixitalizados					
Valor de partida:	30%					
Valor previsto e data:	80%			31 maio 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Continuar dixitalizando e difundindo vía Web Dinámica a documentación máis relevante do centro, poñéndoos a disposición da comunidade Educativa	Equipo Directivo	31 maio 2023	Web Dinámica		Realizada	
	Equipo Tic				Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Utilizar a Web Dinámica para facilitar a xestión e tramitación dixital en tódolos procedementos administrativos do centro.	Equipo Directivo	31 maio 2023	Web Dinámica		Realizada	
	Equipo Tic				Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Elaborar Pdfs activos cara a xestión Administrativa do centro	Equipo Directivo	31 maio 2023	Web Dinámica		Realizada	
	Equipo Tic		Software		Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Levar a conta do número de		31 maio 2023	Web Dinámica		Realizada	

familias de cada clase que ao longo do ano realizan as xestións a través da Web Dinámica	Equipo Tic		Software		Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: COLABORACIÓN E REDES						
OBXECTIVO 3:	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo/Titores				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de colaboracións con outras entidades (Instrumento: Memoria anual)					
Valor de partida:	1 colaboración (charla)					
Valor previsto e data:	2 colaboracións (charlas, obradoiros...)			31 de maio 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Riscos en Internet.	Equipo directivo	31 de outubro de 2022	-Humanos, en colaboración coa Garda Civil ou Policía Nacional -Equipos informáticos, software		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (medio ambiente, ciencia en galego, ...)	Equipo directivo	31 de maio de 2023	-Humanos, en colaboración coas Entidades -Equipos informáticos, software		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Potenciar o uso de abalar móvil mediante o envío de mensaxes periódicas.	Equipo directivo Titores	31 de maio de 2023	Abalar móvil.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Uso do AbalarMóbil para determinar a porcentaxe de titores que o usan	Equipo directivo Titores	31 de maio de 2023	Abalar móvil.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS						
OBXECTIVO 4:	Elaborar un inventario dos recursos TIC do centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC/Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Inventario detallado					
Valor de partida:	0					
Valor previsto e data:	Inventario completo			31 novembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Realizar un inventario dos equipamentos das aulas (ordenadores, EDI, canóns...)	Profesorado	31 outubro 2022	Libre Office Impress		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Realizar un inventario dos equipamentos de uso ou espazos compartidos (tablets, biblioteca...)	Equipo TIC	31 novembro 2022	Libre Office Impress		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Realizar un inventario detallado do equipamento	Equipo TIC	31 novembro 2022	Libre Office Impress		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
OBXECTIVO 5:	Potenciar o uso do servidor abalar do centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de profesorado que emprega o servidor.					
Valor de partida:	0%					
Valor previsto e data:	50%			20 de Decembro de 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Formar ao profesorado no uso do servidor do centro.	Equipo TIC	10 de outubro de 2022	Servidor do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Promover o uso do devandito servidor.	Equipo TIC	20 de decembro de 2022	Servidor do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Empregar o servidor e establecer mensualmente o número de profesores que o utiliza	Equipo TIC	20 de decembro de 2022	Servidor do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS						
OBXECTIVO 6:	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado				Acadado	
Responsable:	Todo o profesorado.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de publicacións en cada aula virtual do profesorado					
Valor de partida:	Sen datos					
Valor previsto e data:	15			31 de maio de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Traballar co alumnado nas actividades publicadas	Profesorado	31 de maio de 2023	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Publicar e traballar cando menos unha actividade quincenalmente nalgún dos cursos correspondentes da aula virtual.	Profesorado	31 de maio de 2023	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS							
OBXECTIVO 7:	Promover a publicación de contidos para a web dinámica do centro				Acadado		
Responsable:	Todo o profesorado.				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de publicacións de cada profesor						
Valor de partida:	5						
Valor previsto e data:	15			31 de maio 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO7.1: Traballar co alumnado nas actividades publicadas	Profesorado	31 de maio de 2023	Web dinámica			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO7.2: Publicar ao menos unha actividade quincenalmente na web dinámica do centro	Profesorado	31 de maio de 2023	Web dinámica			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA

OBXECTIVO 8:	Adoptar metodoloxías activas promovidas polo uso das Tic (Aprendizaxe baseada en proxectos, aprendizaxe cooperativa, traballo colaborativo...).	Acadado	
Responsable:	Xefatura de Estudos/Todo o profesorado.	Non acadado	

INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de profesorado que adopta con frecuencia metodoloxías activas facilitadas polo uso das TIC		
Valor de partida:	40 %		
Valor previsto e data:	80 %	31 de Maio de 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO8.1: Planificar actividades de formación relativas a estas metodoloxías, primando dinámicas de mentorización interna	Xefatura de Estudos	31 de maio	Ordenador de Aula Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Establecer grupos de traballo, para a formación e a posta en práctica de proxectos interdisciplinares.	Profesorado	31 de maio	Ordenador de Aula Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Elaborar proxectos disciplinares para así seguir o número de profesores que adopta metodoloxías activas.	Profesorado	31 de maio	Ordenador de Aula Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO						
OBXECTIVO 9:	Mellorar a competencia dixital do alumnado no uso do teclado				Acadado	
Responsable:	Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de sesións realizadas (10-15 minutos de duración)					
Valor de partida:	0					
Valor previsto e data:	30			31 maio 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO9.1: Destinar 10 minutos semanais de práctica mecanográfica desde 1º a 4º de primaria	Profesorado	31 maio 2023	Netbooks Abalar individuais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO						
OBXECTIVO 10:	Mellorar a competencia dixital do alumnado no uso da aplicación LibreOffice				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de sesións realizadas					
Valor de partida:	n.º de sesións: 0					
Valor previsto e data:	n.º de sesións: 10			31 maio 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO10.1: Usar da aplicación ofimática LibreOffice, a unha sesión semanal durante un trimestre.	Profesorado	31 maio 2023	Portátiles de aula		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO						
OBXECTIVO 11:	Mellorar a competencia dixital do alumnado no uso de ferramentas de programación				Acadado	
Responsable:	Profesorado / Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de sesións traballadas					
Valor de partida:	n.º de sesións: 0					
Valor previsto e data:	n.º de sesións: 10			31 maio 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO11.1: Traballar ao menos 10 sesións durante un trimestre na programación a través de aplicacións webs, como por exemplo code.org, para alumnado de 1º a 4º de primaria.	Profesorado	31 maio 2023	Portátiles de aula Software de programación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.2: Traballar ao menos 10 sesións durante un trimestre na programación con Scratch e Mblock para alumnado de 5º e 6º de primaria.	Profesorado	31 maio 2023	Portátiles de aula Software de programación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	Necesidade de equipamento	Finalidade
1	Renovación do equipamento da antiga aula de informática e biblioteca (Comelta Intel Pentium D e HP Optiplex 740), equipamento composto de 18 ordenadores de sobremesa, dos que se vai solicitar a súa retirada polos múltiples problemas que veñen dando	Mellora da labor docente e da xestión e consulta na Biblioteca
2	Renovación do equipamento informático da Secretaría composto por un ordenador clónico mercado polo colexio con máis de 10 anos de antigüidade	Mellora da xestión administrativa
3	Renovación do equipamento da sala de profesores composto por dous ordenadores de sobremesa HP Compaq Intel Core 2 Duo con máis de 12 anos de antigüidade	Mellora da labor docente
4	Colocación de varias conexións por cable á rede, logo da reestruturación espacial que se acometeu no colexio (Biblioteca, Sala de Profesores, novas zonas de despachos...). Solicitarase a AMTEGA	Mellora da labor docente e administrativa
5	Dotación ás aulas de Infantil a 4º de 3 ordenadores por aula (15)	Mellora do proceso de aprendizaxe mediante a procura de información, investigación.....
6	Colocación dos 2 racks existentes nun só espazo físico	Optimización dos espazos físicos existentes
7	Cámara dixital de foto e vídeo con capacidade para gravar video Full HD	Mellora do proceso de aprendizaxe mediante creación de produtos multimedia
8	Equipo de radio: mesa de mesturas USB con 12 canles, 4 entradas de micrófono con alimentación phantom de 48V, 5 Micrófonos dinámicos para voces con patrón polar cardioide, conxunto antivientos para os mesmos, soportes de micrófono, soporte tipo xirafa para micrófono, 5 auriculares de diadema pechados e unidade Amplificador de auriculares ultra-compacto de 4 canles con control de nivel de saída para cada canle.	Mellora do proceso de aprendizaxe mediante creación de produtos multimedia
9	Lapis de impresión 3D con deseño seguro para o uso infantil de 6 anos en adiante.	Dotación de Aula Maker
10	6 Auriculares de diadema	Mellora do proceso de aprendizaxe mediante creación de produtos multimedia

11	Alexa e enchufes intelixentes	Atención á diversidade
12	Audiolibros e ebooks	Mellora da dotación de biblioteca
13	Lámpadas de cores para traballar sombras e unha luz negra	Mellora da labor docente

4. Avaliación do plan

Neste apartado establecemos criterios e recursos para revisar a consecución dos obxectivos co fin de actualizalos, xa que o noso PDC defínese aberto e suxeito a permanente revisión e actualización.

O proxecto avaliarase do seguinte xeito:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Nas táboas de temporalización dos obxectivos fóronse sinalando os indicadores de logro. Estes indicadores revisaranse periódicamente para elaborar logo unha memoria final do PDC.

A partir dos resultados da avaliación do PDC realizaremos a actualización de aqueles obxectivos que non se cumpriron e tamén do resto de plans e proxectos do Centro que leven consigo o uso das TICs.

5. Difusión do plan

- ✓ A través de reunións informativas e pola súa publicación na web do centro o Equipo Tic, informará ao resto do Claustro dos aspectos máis relevantes do PDC.
- ✓ Os docentes informarán aos alumnos dos aspectos que máis se refiren a eles: ferramentas de programación, usos responsable Internet, Libre Office...
- ✓ Mediante charlas informativas e videotitoriais o equipo Tic, informará á Comunidade Educativa sobre as características do PDC, así como colaborará na súa formación nun uso axeitado das Redes Sociais